

Plan Dixital

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano Académico	Estado
15023363	CEIP Plurilingüe Manuel Murguía	A Coruña	2024/2025	Plan pechado-seguemento

1. Vixencia

Vixencia	Data
Curso inicio	2024/2025
Curso fin	2024/2025
Data de actualización	04/11/24
Data aprobación consello	07/10/24
Data aprobación claustro	07/10/24

2. Introducción

XUSITIFICACIÓN

Os centros educativos precisan dun Plan Dixital actualizado, que oriente as súas prácticas educativas en relación coa competencia dixital docente e do alumnado, e que sirva para rentabilizar ao máximo os recursos técnicos e tecnolóxicos dos que dispón.

Atendendo ao artigo 111 da LOMLOE-Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOE), as Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula, como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo tarefas de ensino e aprendizaxe.

Implantaranse contornas virtuais de aprendizaxe, que deberán contribuír á extensión do concepto de aula no tempo e no espazo, permitindo ao alumnado acceder desde calquera sitio e en calquera momento a ditas contornas.

Ademais, velarán polo acceso de todos os estudantes a recursos dixitais necesarios, establecendo condicións que fagan posible a eliminación no ámbito escolar de situacións de risco derivadas da pouco axeitada utilización das TIC, con especial atención a situacións de violencia na rede.

A estratexia dixital no centro debe estar recollida no proxecto educativo, segundo o artigo 121 da citada LOE-LOMLOE. Para informar especificamente sobre a realización do plan contamos coa Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021/22. Esta Resolución é a que se seguiu para a realización deste plan, partindo dunha análise da situación do centro por medio do informe SELFIE e o test de Competencia Dixital Docente (CDD), facendo unha diagnose da situación e procedendo ao deseño e elaboración do Plan Dixital.

As debilidades ameazas, fortalezas e oportunidades detectadas aquel primeiro curso, son revisadas cada ano, retirándose aquelas que se consideran superadas e engadindo aquelas outras que van xurdindo.

CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

A estratexia dixital no centro debe estar recollida no proxecto educativo, segundo o artigo 121 da LOE-LOMLOE. O Plan Dixital de centro enténdese como un instrumento que debe favorecer e impulsar o uso dos medios dixitais, tanto nos procesos de ensino-aprendizaxe como no resto de procesos de xestión do centro, sempre co obxectivo último de colaborar no desenvolvemento integral do alumnado. Por esa razón, debe ser un instrumento que se integre no Proxecto Educativo e na Programación Xeral Anual.

É imprescindible dotar ao Plan Dixital dun enfoque de centro sobre o uso dos recursos pedagóxicos dixitais dispoñibles para aproveitar ao máximo as súas posibilidades, de modo que se convirta nun proxecto compartido por todos os membros da comunidade educativa, que dea coherencia e guíe o uso das tecnoloxías.

CONTRIBUCIÓN Á PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL DO CURSO 2024/25

O Plan Dixital servirá para incorporar na Programación Xeral Anual do vindeiro curso os obxectivos que se sinalarán máis adiante. O novo plan servirá para acadar dunha forma máis sistemática as finalidades que tiñamos planificadas en cursos anteriores:

- Mellorar a competencia dixital docente.
- Incrementar a competencia dixital do alumnado.
- Aproveitar ao máximo o equipamento tecnolóxico do centro.
- Manter actualizados os sitios web, aula virtual e outras plataformas corporativas.
- Difundir as novas do centro a través de todas as canles tecnolóxicas das que dispoñemos.
- Continuación coa formación en Polos Creativos a través dun PFPP.

RELACIÓN CON OUTROS PLANS

O centro participou en cursos pasados no programa “Nós tamén creamos”, programa de promoción da adquisición, uso e valoración da lingua galega na aula por medio da creatividade e da incorporación das tecnoloxías da información e da comunicación ás aulas. A través de “Nós tamén creamos” elaborouse un traballo en equipo que tivo como produto final dúas curtametraxes en galego coa técnica “stopmotion”, a partir dun álbum ilustrado. O programa serviu para incidir na mellora da alfabetización audiovisual, tanto do alumnado como do profesorado participante.

O plan está tamén moi vinculado e relacionado con Biblioteca Creativa. Precisamente este curso escolar é a mesma persoa quen levará a coordinación do Plan Dixital e Biblioteca Creativa, polo que as accións que se realicen en ambos plans terán puntos de contacto moi estreitos.

Nun futuro próximo queremos promover nas nosas aulas prácticas de investigación e experimentación a través de retos tecnolóxicos nos que o alumnado deba manexar tecnoloxías como a electrónica, realidade virtual, robótica, creación audiovisual...

PROCESO DE ELABORACIÓN

O procedemento de elaboración do Plan Dixital, que comezou hai xa varios cursos, seguiu estes pasos, marcados na resolución do 3 de setembro de 2021, citada anteriormente:

1º. Realización dunha análise da situación do centro a través das ferramentas para a diagnose de situación SELFIE e o Test de Competencia Dixital Docente.

Informe SELFIE: Permittiunos realizar a diagnose da situación en relación á competencia dixital, obtendo un informe de autoavaliación do centro.

Test de Competencia Dixital Docente (CDD): Permittiunos obter un informe individual coa valoración global do nivel competencial de cada un dos mestres/as do centro.

2º. A partir do informe SELFIE, o grupo de formación elaborou outro coas Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades (DAFO), que posteriormente nos permitiu definir as liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e actuacións.

Así mesmo, o informe individual CDD permitirá ao longo do tempo avaliar o avance nas competencias profesionais docentes relacionadas co ámbito dixital. Por outra banda, algunhas das accións que incorporamos nas táboas de obxectivos, van encamiñadas precisamente á mellora de certos aspectos de uso da tecnoloxía educativa nos que se detectaron carencias.

3. Contexto DAFO

3.1. Instrumentos de recollida de información previa

O instrumento de recollida foi o informe SELFIE e o TCDD. Anualmente son revisadas as debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades para axustala ao contexto de cada curso escolar.

3.2. Análise interna

DAFO	Descrición	Categoría	Obx.
Debilidade	H. Escasa formación do alumnado no uso de aplicacións sen axuda.	Alumnado	Si
Debilidade	Algunhas familias teñen unha competencia dixital media-baixa.	Familias	Si
Debilidade	C14. O centro posúe espazos limitados para a creación de recunchos especificamente tecnolóxicos, pois estes espazos son compartidos con outras actividades docentes (relixión, aula de cociña...).	Infraestruturas	Si
Debilidade	C5. Necesidade de establecer un sistema efectivo de comunicación e resolución de incidencias.	Infraestruturas	Non
Debilidade	O centro posúe un aula de informática cunha estrutura nada flexible (12 equipos informáticos fixos e con mamparas de separación).	Infraestruturas	Si
Debilidade	A1. Precísase consolidar ao longo dos anos a estratexia dixital iniciada con este plan.	Organización de centro	Si
Debilidade	No centro utilízanse numerosas aplicacións externas (Instagram, Facebook, Telegram, Box, Drive, Blogger, Servizos Gmail, Zoom...) coas conseguíntes dificultades para a xestión da información e os perigos en canto á protección de datos.	Organización de centro	Si
Fortaleza	O alumnado ten posibilidade de acceso a dispositivos fóra do centro.	Alumnado	Si
Fortaleza	C2. Existen dispositivos dixitais para o seu uso na ensinanza, tales como tablets, lápis 3D, robots...	Infraestruturas	Si
Fortaleza	O centro dispón de posibilidades económicas para invertir en equipamento.	Infraestruturas	Si
Fortaleza	Todas as aulas dispoñen dunha dotación tecnolóxica mínima (pc, canón proxector e pantalla dixital).	Infraestruturas	Si
Fortaleza	C8. O centro dispón de dispositivos dixitais para a aprendizaxe do alumnado, tales como tablets ou equipos portátiles enviados pola Consellería, co fin de usar de forma puntual por parte dun ou varios alumnos dunha aula cando o necesita.	Infraestruturas	Si
Fortaleza	Entre as actividades extraescolares ofertadas polo centro, está a de Robótica.	Oferta	Si
Fortaleza	A3. Existe un apoio ao profesorado para que explore novas formas de ensinanza con tecnoloxías dixitais.	Organización de centro	Si
Fortaleza	E1. O profesorado busca recursos dixitais en liña.	Persoal docente	Si
Fortaleza	E4. O profesorado usa tecnoloxías dixitais para a comunicación relativa ao centro.	Persoal docente	Si
Fortaleza	F4. O noso profesorado realiza actividades de aprendizaxe dixitais que implican ao alumnado.	Persoal docente	Si
Fortaleza	F6. Existen pequenos proxectos interdisciplinares a nivel centro nos que se integran as tecnoloxías (elección da música de saída a través de votacións na aula virtual, Proxecto de Vida activa e deportiva utilizando follas de cálculo...)	Persoal docente	Si
Fortaleza	Estabilidade do profesorado do centro. A maioría ten unha boa competencia dixital.	Persoal docente	Si

3.3. Análise externa

DAFO	Descrición	Categoría	Obx.
Ameaza	C7. A normativa é moi clara e estricta en base á protección de datos, pero a administración non ten ferramentas para atallar ou facer fronte a moitas das necesidades TIC dos centros que poidan substituír a aplicacións externas de calidade e facilidade de uso.	Lexislación	Non
Oportunidade	A administración aposta pola ensinanza dixital e podería ter presuposto para mellorar o material/equipamento do centro nos próximos cursos.	Administración educativa	Si
Oportunidade	A ANPA ten un alto grado de implicación e está aberta á colaboración en todo tipo de proxectos. Entre as actividades extraescolares ofertadas pola ANPA, está a de Informática.	ANPA	Si
Oportunidade	Nos fogares dispónse de dispositivos dixitais destinados ao ocio do alumnado.	Contorna	Si
Oportunidade	Existe apertura para establecer canles de colaboración con outros centros e entidades da contorna.	Outras	Si

4. Obxectivos

4.1. Listaxe de obxectivos

Código	Obxectivo
O01PD	Aproveitar e rentabilizar ao máximo o equipamento tecnolóxico do centro.
O02PD	Fomentar a participación do profesorado en actividades de desenvolvemento profesional continuo.
O03PD	Crear e poñer en marcha propostas educativas que involucren ao alumnado no uso con tecnoloxía.

4.2. Datos do obxectivo O01PD

Código	Estado
O01PD	Pendente

4.2.1. Elementos DAFO relacionados

Fortaleza - Persoal docente - F6. Existen pequenos proxectos interdisciplinares a nivel centro nos que se integran as tecnoloxías (elección da música de saída a través de votacións na aula virtual, Proxecto de Vida activa e deportiva utilizando follas de cálculo...)

Debilidade - Organización de centro - A1. Precísase consolidar ao longo dos anos a estratexia dixital iniciada con este plan.

Debilidade - Organización de centro - No centro utilízanse numerosas aplicacións externas (Instagram, Facebook, Telegram, Box, Drive, Blogger, Servizos Gmail, Zoom...) coas conseguíntes dificultades para a xestión da información e os perigos en canto á protección de datos.

Debilidade - Infraestruturas - C14. O centro posúe espazos limitados para a creación de recunchos especificamente tecnolóxicos, pois estes espazos son compartidos con outras actividades docentes (relixión, aula de cociña...).

Debilidade - Infraestruturas - O centro posúe un aula de informática cunha estrutura nada flexible (12 equipos informáticos fixos e con mamparas de separación).

Fortaleza - Infraestruturas - C2. Existen dispositivos dixitais para o seu uso na ensinanza, tales como tablets, lápiz 3D, robots...

Fortaleza - Infraestruturas - O centro dispón de posibilidades económicas para investir en equipamento.

Fortaleza - Infraestruturas - Todas as aulas dispoñen dunha dotación tecnolóxica mínima (pc, canón proxeccionador e pantalla dixital).

Fortaleza - Infraestruturas - C8. O centro dispón de dispositivos dixitais para a aprendizaxe do alumnado, tales como tablets ou equipos portátiles enviados pola Consellería, co fin de usar de forma puntual por parte dun ou varios alumnos dunha aula cando o necesita.

Oportunidade - Administración educativa - A administración aposta pola ensinanza dixital e podería ter presuposto para mellorar o material/equipamento do centro nos próximos cursos.

Oportunidade - ANPA - A ANPA ten un alto grado de implicación e está aberta á colaboración en todo tipo de proxectos.

Entre as actividades extraescolares ofertadas pola ANPA, está a de Informática.

Oportunidade - Outras - Existe apertura para establecer canles de colaboración con outros centros e entidades da contorna.

4.2.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
Revisouse o funcionamento dos equipos de sobremesa e portátiles do centro.	0	80%				
Revisouse o funcionamento das tablets do centro.	0	100%				
Número de elementos tecnolóxicos expurgados.	0	10				
Medios tecnolóxicos reubicados no recuncho e na aula de Polos Creativos.	0	75%				
Actualizouse a información da páxina web (profesorado do centro, consello escolar, horario de dirección, material escolar, reunións iniciais...).	0	100%				
Creáronse as aulas virtuais das aulas de E.P.	0	100%				
Actualizouse a información do espazo dixital "Escolle a túa sintonía de saída"	0	100%				
Resolvéronse as incidencias relacionadas con equipamento e plataformas corporativas (web, Aula virtual, AbalarPro)	0	90%				

4.2.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
AO1.1.Revisión e optimización do funcionamento dos ordenadores, tablets e paneis dixitais do centro.	05/12/2024	setembro, novembro, outubro
Responsables	Equipo TIC	
Destinatario	Comunidade Educativa	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO1.2. Expurgo do material tecnolóxico desfasado ou en malas condicións.	20/12/2024	setembro, decembro, novembro, outubro
Responsables	Equipo TIC	
Destinatario	Comunidade Educativa	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO1.3. Reubicación dos medios tecnolóxicos do centro con especial atención ao material de Polos Creativos.	31/03/2025	xaneiro, decembro, novembro, outubro, setembro, marzo, febreiro
Responsables	Equipo TIC	
Destinatario	Comunidade educativa.	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO1.4. Mantemento da páxina web e aula virtual.	30/06/2025	xaneiro, decembro, novembro, outubro, setembro, xuño, maio, abril, marzo, febreiro
Responsables	Juan (Páxina web)	
Destinatario	Comunidade educativa.	

4.3. Datos do obxectivo O02PD

Código	Estado
O02PD	Pendente

4.3.1. Elementos DAFO relacionados

Fortaleza - Persoal docente - E1. O profesorado busca recursos dixitais en liña.

Fortaleza - Persoal docente - E4. O profesorado usa tecnoloxías dixitais para a comunicación relativa ao centro.

Fortaleza - Persoal docente - F4. O noso profesorado realiza actividades de aprendizaxe dixitais que implican ao alumnado.

Fortaleza - Persoal docente - Estabilidade do profesorado do centro. A maioría ten unha boa competencia dixital.

Debilidade - Organización de centro - A1. Precísase consolidar ao longo dos anos a estratexia dixital iniciada con este plan.

Debilidade - Organización de centro - No centro utilízanse numerosas aplicacións externas (Instagram, Facebook, Telegram, Box, Drive, Blogger, Servizos Gmail, Zoom...) coas conseguintes dificultades para a xestión da información e os perigos en canto á protección de datos.

Fortaleza - Organización de centro - A3. Existe un apoio ao profesorado para que explore novas formas de ensinanza con tecnoloxías dixitais.

Fortaleza - Infraestruturas - Todas as aulas dispoñen dunha dotación tecnolóxica mínima (pc, canón proxector e pantalla dixital).

Oportunidade - Outras - Existe apertura para establecer canles de colaboración con outros centros e entidades da contorna.

4.3.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
Número de mestres/as que participan no PFPP de Polos Creativos.	0	8				
Número de mestres/as que reciben pequenas formacións relacionadas co uso de tecnoloxía.	0	10				

4.3.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
AO2.1. Mantemento e participación na liña PFPP relacionada con Polos Creativos.	05/06/2025	xaneiro, decembro, novembro, outubro, xuño, maio, abril, marzo, febreiro
Responsables	Coordinadora TIC	
Destinatario	Profesorado do centro.	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO2.2. Realizar pequenas formacións relacionadas coa tecnoloxía do centro (Paneis dixitais,...).	20/06/2025	xaneiro, decembro, novembro, outubro, setembro, xuño, maio, abril, marzo, febreiro
Responsables	Coordinadora TIC	
Destinatario	Profesorado	

4.4. Datos do obxectivo O03PD

Código	Estado
O03PD	Pendente

4.4.1. Elementos DAFO relacionados

Fortaleza - Persoal docente - F6. Existen pequenos proxectos interdisciplinares a nivel centro nos que se integran as tecnoloxías (elección da música de saída a través de votacións na aula virtual, Proxecto de Vida activa e deportiva utilizando follas de cálculo...)

Debilidade - Alumnado - H. Escasa formación do alumnado no uso de aplicacións sen axuda.

Fortaleza - Alumnado - O alumnado ten posibilidade de acceso a dispositivos fóra do centro.

Debilidade - Familias - Algunhas familias teñen unha competencia dixital media-baixa.

Fortaleza - Oferta - Entre as actividades extraescolares ofertadas polo centro, está a de Robótica.

Fortaleza - Infraestruturas - C2. Existen dispositivos dixitais para o seu uso na ensinanza, tales como tablets, lápis 3D, robots...

Fortaleza - Infraestruturas - Todas as aulas dispoñen dunha dotación tecnolóxica mínima (pc, canón proxector e pantalla dixital).

Fortaleza - Infraestruturas - C8. O centro dispón de dispositivos dixitais para a aprendizaxe do alumnado, tales como tablets ou equipos portátiles enviados pola Consellería, co fin de usar de forma puntual por parte dun ou varios alumnos dunha aula cando o necesita.

Oportunidade - Contorna - Nos fogares disponse de dispositivos dixitais destinados ao ocio do alumnado.

4.4.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
Número de actividades deseñadas de uso do material de Polos Creativos.	0	5	5	5		
Número de actividades postas en marcha co alumnado nas que se usa material de Polos Creativos.	0	3	3	3		

4.4.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
AO3.1. Deseñar actividades atractivas para o alumnado utilizando material de Polos Creativos.	30/05/2025	xaneiro, decembro, novembro, outubro, maio, abril, marzo, febreiro
Responsables	Coordinadora TIC / Polos.	
Destinatario	Comunidade escolar.	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO3.2. Poñer en marcha as actividades deseñadas para que o alumnado utilice material de Polos Creativos.	20/06/2025	xaneiro, decembro, xuño, maio, abril, marzo, febreiro
Responsables	Coordinadora TIC /Polos	
Destinatario	Comunidade escolar	

5. Seguimento

5.1. Procedemento para o seguimento

Coa finalidade de realizar o seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos, ao longo do curso realizaranse reunións periódicas do equipo de TIC, encargado dos tipos de avaliación especificados a continuación.

No contexto da avaliación procesual, a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

No contexto da avaliación final, a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluírán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

5.2. Primeiro trimestre

- Deuse de alta na Aula Virtual ao alumnado novo e cambiáronse os nomes dos grupos dos cursos. Abríronse os espazos novos solicitados. Algúns destes precisaron copia de seguridade do curso anterior, outros, creáronse dende cero. Elimináronse os usuarios do alumnado que xa non está no centro. (setembro 2024)
- Actualizáronse os nodos da web referidos ao profesorado actual do centro, horario do equipo directivo, material escolar, reunións de inicio de curso (setembro 2024).
- Tivemos unha formación a través do asesor Abalar sobre "Paneis dixitais" para sacarlle o máximo rendemento. (setembro 2024).
- Comunicáronse as seguintes incidencias á UAC: Funvionamento do panel dixital da aula de 1º EP (fallo de son e inexistencia do "Punto quente"). Informaron que AMTEGA non recomendaba o uso desta funcionalidade. Pasará un técnico para resolver o problema do audio.

5.3. Segundo trimestre

5.4. Terceiro trimestre

6. Avaliación

6.1. Procedemento para a avaliación

Coa finalidade de realizar o seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos, ao longo do curso realizaranse reunións periódicas do equipo de TIC, encargado dos tipos de avaliación especificados a continuación. No contexto da avaliación final, a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluírán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

6.2. Valoración xeral

6.3. Propostas de mellora

7. Comunicación e difusión

7.1. Procedemento para a comunicación e a difusión

Ao inicio de cada curso escolar, o claustro, e en especial o profesorado de nova incorporación, será informado das liñas básicas e obxectivos do Plan Dixital, así como as accións que repercutan dalgún modo no labor docente ou formativa do profesorado.

Así mesmo, os membros do consello escolar coñecerán as liñas prioritarias definidas no plan a través da concreción dos obxectivos da Programación Xeral Anual en relación coas TIC, que deberá ser aprobada neste polos seus representantes. Finalmente, as familias e toda a comunidade escolar poderá consultar o Plan Dixital través da páxina web do centro. No momento no que estea aprobado, darase difusión a través de AbalarMóbil.

O acceso ao Plan dixital de centro pode realizarse a través da páxina web do centro na seguinte ligazón: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmanuelmurguia/?q=taxonomy/term/39>

8. Outros datos

9. Anexos